



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 12 DE SETEMBRO DE 2016

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezaoito horas do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Fene: Justo Martínez Ardá, representante do Concello de Fene.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, 2ª representante do Concello de Ferrol no Pleno da Mancomunidad.
- Concello de Mugarzos: Pilar Díaz Otero, alcaldesa.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, alcalde de Narón.
- Concello de Valdoviño: Sergio Saavedra Gutiérrez, representante do Concello de Valdoviño.

Asistidos pola Secretaria Accidental Paula María Vázquez Carrasco, polo Interventor Manuel Roel Hernández-Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Presentación de informe de cumprimento de prazos da Ley 15/2010 no segundo trimestre de 2016.

Queda presentado o informe.

2. Proposta de prórroga do contrato do xerente.

Examinada a proposta do Presidente da Mancomunidad que literalmente di:

“Ao Pleno da Mancomunidad

Con data de 12 de abril de 2010 o Pleno da Mancomunidad acordou contratar a Luis Alcalá Baillie a través dun contrato de alta dirección para o posto de Xerente de conformidade coa proposta da comisión cualificadora e coas bases do proceso selectivo aprobadas por esta Mancomunidad.

O contrato suscrito con data 11 de maio de 2010 entre a Mancomunidad e o traballador estipula na súa cláusula segunda que dito contrato expirará o 1 de outubro de 2011, coa posibilidade de prórroga nas condicións que se establezan no caso, iniciando a súa vixencia o día da toma de posesión efectiva do cargo por parte do traballador.

Con data 12 de setembro de 2011 o pleno da Mancomunidad acordou por unanimidade prórroga o contrato nas condicións vixentes ata o 1 de outubro de 2012.

Con data 19 de novembro de 2012 o pleno da Mancomunidad acordou por unanimidade ratificar o decreto da Presidencia de 13 de setembro de 2012 polo que se resolve prórroga o contrato nas condicións vixentes ata o 1 de outubro de 2013.

Con data 9 de setembro de 2013 o pleno da Mancomunidad acordou por unanimidade prórroga o contrato nas condicións vixentes ata o 1 de outubro de 2014.

Con data 29 de setembro de 2014 o Pleno da Mancomunidad acordou por unanimidade prórroga o contrato nas súas condicións vixentes ata o 1 de outubro de 2015.

Con data 14 de setembro de 2015 o Pleno da Mancomunidad acordou por unanimidade



prorrogar o contrato nas súas condicións vixentes ata o 1 de outubro de 2016.

Visto o correcto desenvolvemento das funcións propias da xerencia e a necesidade de continuar coa súa realización,

PROPOÑO:

Prorrogar o contrato de alta dirección de Luis Alcalá Baillie como Xerente da Mancomunidad nas súas condicións actuais ata o 1 de outubro de 2017.

Ferrol, 7 de setembro de 2016,

O Presidente da Mancomunidad

Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández"

Á vista do informe favorable do Interventor da Mancomunidad a esta proposta de 9 de setembro de 2016.

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta arriba transcrita.

- 3. Oficina Local de fomento cooperativo: dar conta da concesión dunha subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para este servizo; financiamento e achegas municipais; persoal contratado e actividades programadas; e estudio das posibilidades de continuidade.**

Por parte do xerente explícanse o seguintes documentos remitidos aos membros do Pleno con anterioridade á sesión:

1. Resolución de concesión da subvención.
2. Expediente de modificación de crédito para o financiamento do proxecto.
3. Expediente do proceso selectivo dun/unha técnico/a responsable da Oficina Local da Oficina de Fomento Cooperativo.
4. Programa da xornada sobre cooperativismo do día 30 de setembro na Cooperativa do Val (Narón).

Con respecto á xornada, acórdase que as autoridades participantes por parte da Mancomunidad no acto de presentación da xornada sexan os alcaldes de Narón e Valdoviño.

Respecto á posibilidade de manter a Oficina Local de Fomento Cooperativo con independencia da concesión de subvencións para este fin, solicítase do xerente un informe dos resultados desta oficina para valorar tal posibilidade.

4. Colaboración con ASFEDRO.

O xerente explica os proxectos presentados por ASFEDRO remitidos aos membros do pleno da Mancomunidad e o seu propio informe de 12 de setembro.

En dito informe corríxese por parte do Interventor unha errata con respecto aos importes dos proxectos, que se encontraban intercambiados. Dita corrección incorpórase ao acordo a continuación transcrito.

Finalmente, examinado o informe do Xerente da Mancomunidad de 12 de setembro de 2016 que literalmente di:



“INFORME

En marzo de 2015 a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (ASFEDRO) presentou as seguintes propostas a desenvolver no ano 2015:

Denominación	Orzamento
Programa de xestión de reinserción de reclusos drogodependentes.	7.700,00 €
Servizo de intervención socioterapéutica con menores	7.300,00 €
Total	15.000,00 €

En relación con estas propostas, o 16 de marzo de 2015 o Pleno da Mancomunidade adoptou o seguinte acordo:

“5. Colaboración con ASFEDRO

Á vista das propostas presentadas pola entidade, acórdase iniciar os trámites para a súa posta en marcha unha vez se determine a forma de financiamento do proxecto.”

O citado acordo plenario non se puido facer efectivo no ano 2015 ao non determinarse a forma de financiamento dos proxectos.

En setembro de 2016 a entidade presenta as seguintes propostas a desenvolver no ano 2016:

Denominación	Orzamento
Programa de xestión de reinserción de reclusos drogodependentes.	7.700,00 €
Servizo de intervención socioterapéutica con menores	7.300,00 €
Total	15.000,00 €

Coa finalidade de posibilitar a posta en marcha destas actividades propostas por ASFEDRO procede adoptar os seguintes **ACORDOS**:

1. Os concellos integrantes da Mancomunidade comprométense a realizar a seguinte achega ao financiamento destas actividades, establecida en función do número de habitantes:

Achegas dos Concellos da Mancomunidade		
Concello	Poboación	Achegas
Ares	5743	552,63 €
Cabanas	3299	317,45 €
Cedeira	7062	679,55 €
Fene	13385	1.287,99 €
Ferrol	69452	6.683,13 €
Mugardos	5362	515,97 €
Narón	39565	3.807,21 €
Neda	5261	506,25 €
Valdoviño	6753	649,82 €
Total Mancomunidade	155882	15.000,00 €

2. Cada concello deberá adoptar e notificar á Mancomunidade á maior brevidade posible o acordo do respectivo órgano competente no que se aprobe o compromiso para a realización desta achega.
3. De acordo con estes antecedentes, tramitarase un expediente de modificación de crédito



para o financiamento deste contrato, que poderá ser aprobado polo presidente da Mancomunidad baseándose no presente acordo, sen prexuízo do establecido no punto 2.

*Ferrol, 12 de setembro de 2016
O Xerente da Mancomunidad*

Asdo.: Luis Alcalá Baillie"

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar os acordos arriba transcritos.

5. Seguimento do convenio coa Axencia Turismo de Galicia e cooperación supramunicipal en materia de turismo.

Por parte do xerente infórmase brevemente dos avances da execución do convenio coa Axencia Turismo de Galicia. En relación coas actuacións de street marketing, o Presidente propón que se estude a posibilidade de colocar un stand de información turística nunha praza pública.

En segundo lugar, examínase o escrito remitido polo alcalde de San Sadurniño á Xunta directiva de Seitura 22 no que se propón que Seitura 22 pase a ser a entidade de xestión estable do Xeodestino turístico Ferrolterra.

En relación con este escrito, a proposta do Presidente da Mancomunidad, acórdase responder dito escrito indicando que a opción preferente para a xestión do Xeodestino turístico Ferrolterra é a figura dunha agrupación de concellos conforme o acordado na reunión de alcaldes do xeodestino de 14 de setembro de 2015.

6. Dar conta da aprobación das bases e inicio do IV programa de deporte inclusivo da Mancomunidad coa colaboración da Deputación da Coruña.

O xerente explica as bases do V programa de deporte inclusivo da Mancomunidad, aprobadas mediante decreto do Presidente remitido aos membros do Pleno con antelación á sesión, e informa do próximo inicio do programa.

7. Programa "Territorio de Emprego 2016-2017": financiamento e achegas municipais; dar conta da aprobación das bases para o proceso selectivo do/a técnico/a de inserción laboral.

O xerente explica os seguintes documentos remitidos aos membros do Pleno con anterioridade á sesión:

1. Expediente de modificación de crédito para o financiamento do programa "Territorio de Emprego 2016-2017".
2. Resolución do Presidente da Mancomunidad pola que se aproban as bases do proceso selectivo do/a técnico/a de inserción laboral a cargo do programa.

8. Rogos e preguntas.

O alcalde de Narón propón que se exprese por parte da corporación o agradecemento ao



labor desempeñado nesta entidade ao anterior alcalde de Mugardos, Juan Domingo de Deus Fonticoba, e dar a benvinda á nova alcaldesa de Mugardos, Pilar Díaz Otero. As persoas asistentes súmanse ás palabras de agradecemento e benvinda e acórdase por unanimidade que así conste en acta.

En segundo lugar, o alcalde de Narón pregunta se existe algún avance en relación coa xestión mancomunada de augas residuais.

O Presidente explica que se mantiveron conversacións con EMALCSA sobre este asunto. A proposta do Presidente, acórdase convidar ao Director de EMALCASA á próxima reunión da Mancomunidade co obxecto abordar a colaboración con esta entidade.

A alcaldesa de Mugardos pregunta pola posta en marcha do punto limpo de Vilar do Colo. O alcalde de Fene informa dos avances a este respecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezaioito trinta horas, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

A Secretaria accidental

Asdo: Paula Vázquez Carrasco